

## INSCRIPCIÓN:

### PRAZO ATA 14 DE XUÑO DE 2013.

A inscrición terá que facerse a través do formulario que esta a disposición dos interesados na seguinte páxina web [www.axencialocaldecolocacion.org](http://www.axencialocaldecolocacion.org).

Concretamente habería que entrar na pestana "Formación".

### Número de plazas limitadas: 25 persoas.

(As persoas serán admitidas según a orde de solicitude ata cubrir o número de plazas máximas)

### Máis información :

**Asociación Plataforma polo Emprego**  
Rúa Concheiros 33,1º andar  
Tlf:981580506  
[plataformaemprego@gmail.com](mailto:plataformaemprego@gmail.com)

## ORGANIZA:



**Medrando**  
Obradoiros de  
Emprendemento

## COLABORA:



Plataforma polo Emprego  
Carta de Servizos

**Medrando**  
Obradoiros de  
Emprendemento

Axudámoste a converter a túa  
Idea en Empresa

## MEDRANDO: OBRADOIROS DE EMPREDEMENTO

A **Asociación Plataforma polo Emprego**, é una entidade sen ánimo de lucro que ten como misión promover, a través do traballo en rede e por medio da inserción laboral, a integración das persoas en risco ou situación de exclusión social, tendo en conta os seus dereitos e a súa dignidade.

A Asociación quere ser una entidade que dinamice o traballo en rede, referente no seu contorno e influínte no deseño das políticas sociolaborais. Que preste un servizo de calidade a través dunha xestión eficiente, dun financiamento e infraestrutura estable, e con profesionais especializados e comprometidos.

A **Asociación Plataforma polo Emprego** en colaboración co **Concello de Santiago** e dentro do marco do **Pacto Local polo Emprego**, levará a cabo o vindeiro mes de abril un Proxecto de autoemprego "**Medrando: Obradoiros de Emprendemento**".

### SERVIZOS QUE SE OFERTAN:

-Servizo de **información, difusión e publicidade** do proxecto. Colaborarase coas administracións públicas, levarase a cabo a difusión entre entidades empresariais e sociais, entidades veciñais, entidades e asociacións que forman parte do Pacto Polo Emprego de Compostela, cidadanía en xeral, etc.

-Servizo de **formación** en materia de autoemprego e/ou emprendemento. Levarase a cabo unha formación completa en materia de autoemprego con gran información e asesoramento en calquera dos aspectos referentes ó mesmo.

-**Titorías individualizadas** para a posta en marcha, así como asesoramento persoal, elaboración do plano de empresa, obtención de microcréditos e análise das diferentes vías de financiación a aquelas persoas que planteen a idea de constitución de un negocio empresarial.

Análise da viabilidade do negocio, seguimento ata a constitución do mesmo, incluíndo os primeiros meses da posta en marcha.

### MISIÓN DO SERVIZO:

Se tes unha idea empresarial ou pensas poñer en marcha un proxecto de autoemprego dende Plataforma Polo Emprego axudámote na definición da túa idea, no estudo e apoio para elaboración do proxecto empresarial e na busca de financiamento.

### OBXETIVOS PRINCIPAIS:

Proporcionar ás persoas participantes unha formación básica na área do emprendemento necesaria para valorar a posibilidade de decidir iniciar o camiño do emprendemento e/ou autoemprego e avanzar na posta en marcha de iniciativas empresariais.

### CONTIDOS QUE IMOS TRATAR:

#### I. ORGANIZACIÓN EMPRESARIAL

- A idea de empresa, o emprendemento, o plano de empresa
- Formas xurídicas de empresa e trámites.
- Aspectos básicos da fiscalidade na empresa.
- Documentación básica na empresa.
- Estrutura organizativa e xestión de rrhh.

#### II. MARKETING E COMERCIALIZACIÓN

- Mercado: clientes, competencia e provedores.
- Ferramentas básicas do marketing: produto: prezo, distribución, publicidade e a comercialización.
- Habilidades para o trato ao cliente.

#### III. ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERO

- Financiamento (tipos).
- Plan económico e viabilidade económica financeira da empresa.
- Subvencións e axudas (características, trámites e tipos)

### DESTINATARIOS:

A convocatoria vai dirixida especialmente:

- A **persoas en situación ou risco de exclusión social**.
- A toda a **ciudadanía en xeral**.

### HORARIOS:

-Proxecto formativo: Días **17, 18, 19 e 20 de Xuño** de **10:00 a 13:00h**.

#### Lugar do Servizo Formativo:

Enderezo: Edificio Municipal Cersia (Rúa Alcalde Raimundo López Pol s/n - San Lázaro - Santiago de Compostela).

### PLANO DE SITUACIÓN:

